

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE III PREMIOS FIN DE CURSO AO ALUMNADO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA MAGARIÑOS, CONVOCADOS POLO CONCELLO DE BRIÓN PARA O CURSO 2025/2026

Artigo 1. OBXECTO.

1. Establécense as bases reguladoras da convocatoria que efectúa o Concello de Brión para a concesión dos **III Premios Fin de Curso** do alumnado da Escola Municipal de Música Magariños.

2. Estes **III Premios Fin de Curso** son compatibles con calquera outra subvención, axuda ou ingreso para a mesma finalidade, procedentes de calquera das Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

Artigo 2. FINALIDADE.

1. Os **III Premios Fin de Curso** regulados diríxense a enaltecer a música como parte inherente da cultura en xeral e da música en particular que se desenvolve dende a Escola Municipal de Música Magariños.

2.- Adicionalmente, os **III Premios Fin de Curso** pretenden satisfacer as seguintes finalidades:

- a) Fomentar a participación de persoas con inquiredanzas artísticas e musicais.
- b) Fomentar a cultura e a creatividade artística.
- c) Promover a actividade educativa e divulgativa da música en todas as súas tendencias artísticas.

Artigo 3. REQUISITOS DOS PARTICIPANTES.

1. Poderá participar nos **III Premios Fin de Curso** calquera alumno matriculado no presente curso 2025/2026 e que se atope como alumno activo durante o terceiro trimestre.

2. O alumnado optará á categoría que lle corresponda segundo os **III Premios Fin de Curso** aos cal pode acceder segundo a modalidade ou categoría.

3. Todos os requisitos deberán ser cumpridos á data de finalización do trimestre académico do curso 2025/2026.

Artigo 4. CATEGORÍAS DOS PREMIOS.

Establécese seis modalidades de premios atendendo aos distintos itinerarios e niveis educativos do **Plan Educativo de Ensinanzas Musicais** da Escola Municipal de Música Magariños:

- a) Plan Educativo Xeral. Nivel I. Cursos 1º, 2º, 3º.
- b) Plan Educativo Xeral. Nivel I. Cursos 4º, 5º.
- c) Plan Educativo Xeral. Nivel II, Accesos e Reforzamento (todos os cursos).
- d) Plan Educativo Xeral. Nivel III, IV, Mantemento (todos os cursos).
- e) Plan Educativo Adultos. Nivel I (todos os cursos).
- f) Plan Educativo Adultos. Nivel II, Nivel III e Mantemento (todos os cursos).

Artigo 5. REQUISITOS ACADÉMICOS, MUSICAIS E TÉCNICOS.

Os requisitos académicos, musicais e técnicos establécense en dous ámbitos:

- a) Asistencial.
- b) Méritos artísticos e técnicos na especialidade musical do alumno activo no terceiro trimestre do curso 2025/2026.

Artigo 6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

Os **III Premios Fin de Curso** serán concedidos de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, e, mediante o procedemento de concorrencia competitiva.

Artigo 7. CONTÍA DOS PREMIOS.

Cada un dos seis **III Premios Fin de Curso** das especialidades musicais e/ou categorías contarán cun vale con valor de 100€ para a compra de material educativo.

Artigo 8. CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PREMIOS

O alumnado das distintas categorías serán valoradas en base aos seguintes criterios:

1. Asistencia. Para poder optar aos premios o alumno ou alumna de cada categoría, terá unha asistencia mínima e valorada do 60% en todas as materias que compoñen o itinerario académico da especialidade musical e segundo o nivel e curso no que se atope matriculado.
2. Valoración técnica e musical. Ata o 40 % da valoración por parte do profesorado terá en conta aspectos técnicos da especialidade musical como

nocións teóricas, interpretativas, actuacións diante de público, etc. das distintas materias que conforman dita especialidade.

Artigo 9. CONVOCATORIA DO CONCURSO.

1. O procedemento de concesión dos **III Premios Fin de Curso** iniciárase de oficio mediante a correspondente convocatoria aprobada por resolución da Alcaldía-Presidencia, previa a tramitación do correspondente expediente de gasto con informe da intervención municipal pola contía total máxima fixada na convocatoria.

2. O réxime de concesión será de concorrencia competitiva, no cal a concesión dos premios realízase mediante a comparación técnica e musical do alumnado nas distintas categorías, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adjudicar os premios a aquelas que obtivesen maior valoración por parte do xurado conformado polo profesorado.

Artigo 10. PARTICIPACIÓN NOS III PREMIOS FIN DE CURSO.

Terá acceso a participar todo o alumnado matriculado no presente curso 2025/2026 e estea como alumno activo no terceiro trimestre académico.

Artigo 11. INSTRUCIÓN DO PROCEDIMENTO.

1. O órgano competente para a instrución do procedemento será o/a Concelleiro/a de Música, o cal realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales atópase o de ditar resolución.

2. A valoración do alumnado premiado corresponderá a un xurado que terá a seguinte composición:

- a) Actuará como presidente o/a Concelleiro/a de Música ou persoa en quen delegue.
- b) Claustro de profesorado da Escola Municipal de Música Magariños.
- c) Actuará como secretario un empregado público do Concello Brión.

3. Unha vez avaliado o alumnado matriculado no centro no terceiro trimestre, o xurado deberá seleccionar un finalista por cada categoría.

4. O xurado anunciará o seu fallo no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. O fallo do xurado será inapelable.

5. O xurado estará facultado para deixar os **III Premios Fin de Curso** desertos cando os alumnos non alcancen a calidade artística necesaria e unha asistencia mínima do 60 % en todas as materias que compoñen o nivel e curso de cada categoría.

6. As deliberacións do xurado serán secretas e levantarase acta da reunión.

7. O xurado resérvase a facultade de interpretar as presentes bases, así como as normas de cada convocatoria, así como de resolver calquera imprevisto.

8. O fallo do xurado publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Brión e da Escola Municipal de Música Magariños.

Artigo 12. RESOLUCIÓN DOS PREMIOS FIN DE CURSO.

1. A resolución dos **III Premios Fin de Curso** corresponderá á Alcaldía-Presidencia.

2. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder o remate do terceiro trimestre académico, xusto antes da Clausura Académica.

3. O vencemento do prazo máximo sen publicarse entenderase desestimado os **III Premios Fin de Curso**.

4. A resolución do procedemento publicarase no taboleiros do Concello de Brión e da Escola Municipal de Música Magariños.

Artigo 13. ENTREGA DOS PREMIOS.

O acto formal da entrega dos **III Premios Fin de Curso** terá lugar o mesmo día da Clausura Académica, e a continuación deste.